

Procedemento para a elaboración do Plan de Organización Docente (POD) 2019/2020

(Aprobado en Consello de Goberno do 03/04/2019)

1. Consideracións previas

1.1. Política de contratacións

Segue sendo o criterio prioritario do goberno da UDC manter o emprego e dar aos profesores e investigadores que se estiveron formando con éxito na nosa Universidade a posibilidade de estabilizarse cando finalicen o seu contrato.

Tendo en conta as restricións e limitacións legais que impoñen as leis orzamentarias, tanto a nivel estatal como autonómico, en relación á contratación de persoal nas universidades para o curso académico 2019/2020.

, as liñas xerais da política de profesorado, ás que deberán axustarse as posibles peticións dos Departamentos, serán as seguintes:

1. A relación de prazas de promoción de Titular de Universidade a Catedrático/a de Universidade, as de promoción de Profesor/a Contratado/a Doutor/a a Titular de Universidade e as de Axudante Doutor/a a Profesor/a Contratado/a Doutor/a (PCD), foron determinadas na Oferta de Emprego Público.
2. Mantense a suspensión da posibilidade de convocar prazas de Axudante para o curso académico 2019/2020.
3. Convocaranse as prazas de Profesor/a Axudante Doutor/a derivadas dos procesos de estabilización de Axudantes que contén coa acreditación de Profesor/a Axudante Doutor/a.
4. Mantense o programa para reducir o número de Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución, que non fosen previamente Axudantes Doutores/as, e Asociados/as que contén cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en Profesores/as Axudantes Doutores/as. O número de prazas e o procedemento de solicitude aprobaranse polo Consello de Goberno.
5. Proponse un novo programa para permitir a promoción mediante concurso en Profesores/as Contratados/as Doutores/as do profesorado acreditado a Profesor/a Titular de Universidade. Os requisitos para a participación neste programa, co número de prazas que se reservarán na Oferta de Emprego Público do ano 2020 e o procedemento de solicitude, aprobaranse polo Consello de Goberno.
6. O departamento fará chegar á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a proposta de renovación que estime oportuna, de acordo coas necesidades docentes das áreas de coñecemento, dos contratos:
Dos/as Profesores/as Asociados/as, Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución e Lectores (ou figuras similares) para o curso académico 2019/2020.

Establécese a data de finalización da elaboración do POD como límite para a remisión destas propostas.

7. Mantense o programa de nomeamento de novos Profesores/as Eméritos/as e Honorarios/as para o curso 2019/2020¹.
8. Os/as investigadores/as e o persoal de investigación contratado poderán colaborar nas tarefas docentes, de acordo coas seguintes normas:

A.- Investigadores/as doutores/as do Programa Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, InTalent e do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación de ata 80 horas

B.- Investigadores/as dos programas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das correspondentes convocatorias:

- Modalidade A: poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación de ata 80 horas.
- Modalidade B: poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación de ata 120 horas.

C.- Contratados FPI, dos programas de apoio á etapa predoutoral da Comunidade Autónoma de Galicia ou similares:

- Poderán colaborar na docencia co número de horas e no período que autorice a convocatoria do seu contrato, ata un máximo de 60 horas prácticas.

Contratos FPU:

Poderán colaborar na docencia co número de horas e no período que autorice a convocatoria do seu contrato, cun mínimo de 90 e un máximo de 240 horas prácticas en total. O número máximo anual de horas en POD será de 60.

Disposicións comúns para o punto C:

- Só poden colaborar na docencia práctica (docencia interactiva, titoría de grupos reducidos e prácticas) de materias de títulos de grao, polo tanto non poden participar na docencia en mestrado, nin dirixir Traballos Fin de Mestrado² ou formar parte das Comisións Avaliadoras de TFGs ou TFM.
- Non poderán ser responsables de grupos ou materias nin asinar actas.
- Seralle de aplicación o Real decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

9. Establécese a data de finalización da elaboración do POD como límite para a recepción de propostas de convocatoria de prazas de profesorado para a organización docente do próximo curso.

1.2. Cómputo da capacidade e da carga docente estrutural das áreas

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) 2016/2020 establece unha serie de restricións e limitacións que fan necesaria unha actualización dos criterios de elaboración do Plan de Organización Docente (POD), de acordo co

¹ Acordo do Consello de Goberno do 31/05/2017

² Poderán participar na codirección de TFGs dentro dos límites establecidos polos contratos e pola normativa que lles sexa de aplicación.

modelo utilizado para a estimación do custo estándar baseado en datos de docencia, incluído no financiamento estrutural das universidades.

Si na actualización da normativa do PDA do curso anterior o principal parámetro tido en conta fora o número de horas de docencia por crédito (o PFSUG sitúa en 7 horas a carga docente de cada crédito ECTS, dos que 4 corresponden á docencia teórica e 3 á docencia práctica), nesta ocasión debe considerarse o seu efecto na elaboración do POD cando existan solicitudes de prazas de novo profesorado.

Dado que non se pretende nin rebaixar a docencia por crédito das nosas titulacións, situada nunha media de 8,5 horas, nin deixar sen horas de docencia presencial a titorización de TFG/TFM, a media de horas lectivas ou presenciais por PDI a tempo completo debe situarse por enriba das 180 horas anuais aos efectos de cálculo do cadro de persoal estrutural tal e como o establece o PFSUG.

A Universidade da Coruña debe establecer un marco estable para permitir a xestión eficiente da seu cadro de persoal de PDI cando se abren novos retos coa oferta de novas titulacións, realizar una adecuada planificación do desenvolvemento do cadro de persoal e facilitar os procesos de estabilización, consolidación a través das Ofertas de Emprego público dos próximos anos así como a incorporación de novos efectivos para a necesaria renovación do cadro docente da UDC. Neste punto, débese insistir en que a UDC sitúa as súas prioridades orzamentarias no mantemento do seu capital humano, como pode comprobarse nos orzamentos aprobados nos últimos anos e o seu impacto estabilizador no cadro de persoal de PDI.

Para iso é preciso calcular a capacidade docente estrutural das áreas. Para determinar esta capacidade docente terase en conta o profesorado a tempo completo cunha dedicación estándar de 240 horas para as categorías que varían a súa dedicación coa avaliación da súa actividade investigadora, agás o profesorado a tempo completo con 5 ou máis avaliacións positivas da súa actividade investigadora que será de 160 horas, e o resto do profesorado coa súa dedicación correspondente.

A carga docente estrutural das áreas determínase tendo en conta a docencia presencial en aulas/laboratorios, a titorización de TFG/TFM.

En ningún caso dotarase profesorado estrutural por necesidades docentes cando a capacidade docente estrutural da área sexa superior á carga docente estrutural da mesma.

1.3. Ano académico para os efectos de xubilación do PDI

Para os efectos de prórroga na prestación de servizos docentes do profesorado universitario, considérase que o curso académico se inicia o 1 de setembro e remata o 31 de agosto.

2. Plan de Organización Docente (POD)

2.1. Obrigas docentes do profesorado

A dedicación docente do profesorado está recollida na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (aprobada por Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014 e modificada no 27/10/2015, no 25/02/2016, no 27/04/2017, no 03/04/2018 e no 03/04/2019).

No caso de non poder optar a unha nova contratación segundo o previsto na disposición final da antedita Normativa, as áreas deberán asegurar que se imparte a docencia estrutural encargada (docencia presencial e titorización de TFG/TFM) deixando sen efecto unha porcentaxe das seguintes compensacións (sen prioridade) que veñen recoñecéndose dende o curso académico 2015/16, procurando respectar a proporcionalidade na achega de cada profesor/a:

- Avaliación da Agencia Estatal de Investigación dos investigadores da UDC (MI3)
- Compensación para Catedráticos/as de Universidade con tres avaliacións positivas e dedicación de 240 horas (MI2)
- Compensacións pola xestión realizada en períodos inmediatamente anteriores
- Coordinación de Grupos de Investigación (I4)
- Dirección de teses de doutoramento (D4). Sempre computaranse 10 horas pola dirección de cada tese cun máximo de 20 horas
- Membros das Comisións de Avaliación dos TFG/TFM (D2)
- Participación en contratos con entidades que reverts fondos á UDC (I3)
- Presentación de proxectos ás convocatorias do programa H2020 (I2)
- Quinquenios (MD)
- Titorización académica de prácticas externas curriculares (D3)

2.2. Obrigas de titoría do profesorado

Categoría	Horas titoría ³
Catedrático/a de universidade ⁴	180
Titular de universidade ³	180
Catedrático/a de escola universitaria ³	180
Titular de escola universitaria ³	180
Profesor/a INEF	180
Profesor/a numerario/a E.O. Náutica	180
Mestre/a de taller E.S.Mariña Civil	180
Profesor/a contratado/a doutor/a	180
Profesor/a colaborador/a	180
Axudante	60
Axudante doutor/a	180
Profesor/a contratado/a interino/a de substitución a TC	180
Lector a TC	180
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P06)	180
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P05)	150
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P04)	120
Prof. asociado/a, asociado/a en Ciencias da Saúde, interino/a de substitución e lector (P03)	90
Investigador/a contratado posdoutoral	En proporción: 80h docencia/60 h titorías 120h docencia/90 h titorías
Investigador/a contratado/a predoutoral ⁵ (só docencia práctica, docencia interactiva e titoría en grupo reducido en titulacións de grao)	0

³ Distintas das titorías de grupos reducidos. Distribuídas entre os meses de setembro a xullo

⁴ Profesores vinculados ao sistema sanitario: 3 horas semanais de titorías (Real decreto 1652/1991)

⁵ Non poden ser responsables de materia, dirixir traballos fin de mestrado, formar parte de tribunais nin asinar actas; si poderán codirixir Traballos fin de grao

2.3. Criterios para levar a cabo as titorías

Con carácter xeral as titorías realizaranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Para realizar unha adecuada atención aos/ás estudantes e, atendendo as obrigas docentes do profesorado poden establecerse tres horarios durante o curso⁶:

I. Período de actividades académicas docentes do primeiro cuadrimestre (incluíndo o período de actividades de avaliación da primeira oportunidade en xaneiro)

II. Período de actividades académicas docentes do segundo cuadrimestre (incluíndo o período de actividades de avaliación da primeira oportunidade en maio/xuño)

III. Período de actividades de avaliación da segunda oportunidade

b) Polo menos deberase garantir 2 horas de titorías semanais durante cada un dos períodos do apartado anterior.

c) As titorías realizaranse durante o horario de apertura dos Centros da Universidade da Coruña.

d) Non coincidirán en ningún caso co tempo de docencia asignado ao/á profesor/a e procurarán axustarse ás quendas de docencia, se as houbera, de modo que se posibilite a asistencia do/a estudante.

e) Para atender a todos/as os/as estudantes, o/a profesor/a distribuirá as súas horas de titorías entre aqueles Centros entre os que imparte docencia.

f) As titorías levaranse a cabo no despacho habitual do/a profesor/a correspondente, nas dependencias que este estime máis adecuadas para o seu mellor desenvolvemento ou nos espazos que habiliten os Centros para tal efecto. En ningún caso poderán desenvolverse en edificios ou instalacións alleas á Universidade da Coruña. O profesorado vinculado ao sistema sanitario e os/as profesores/as asociados/as en Ciencias da Saúde poderán realizar as súas titorías nos Centros Sanitarios nos que desenvolvan a súa actividade.

g) A fracción mínima de horas de atención ao/á estudante será de 1 hora diaria.

h) A fracción máxima de horas de atención ao/á estudante será de 3 horas diarias.

O profesorado rexistrará as súas titorías a través da aplicación xerada para tal efecto pola Universidade da Coruña.

Os bolseiros/contratados de investigación da Universidade da Coruña (FPI, FPU ou similares) poderán colaborar en actividades docentes prácticas baixo a supervisión do/a seu/súa titor/a ata o máximo permitido pola lexislación vixente. A actividade titorial neste caso é responsabilidade do/a profesor/a titor/a.

Os criterios específicos que, en atención ás singularidades da docencia impartida, puideran establecer os Centros ou Departamentos non poderán, en ningún caso, ir en contra do establecido nos apartados anteriores.

⁶

Exemplo: Para 180 horas de titoría, pódese establecer un horario con 4 horas semanais nos períodos I, II e III (44 semanas), deixando 4 horas para reforzar os períodos de exame.

2.4. Principios xerais de asignación do encargo docente

Os departamentos deberán procurar que, na medida do posible, cada grupo dunha determinada materia só sexa impartida por un/unha profesor/a e como máximo dous/dúas. No caso de que máis dun/dunha profesor/a compartan a docencia dunha materia, o departamento deberá encargar a un/unha deles/las a elaboración da Guía Docente, a coordinación da materia e a responsabilidade a efectos de asinar as actas.

Non se poderá encargar docencia aos/ás profesores/as asociados/as e contratados/as interinos/as de substitución nun área distinta a súa, se xa lle foi encargada como "*docente non propio*" nos dous últimos cursos académicos, agás que se trate de áreas afíns en materias de formación básica.

Antes de contratar novo profesorado para unha área determinada, comprobarase se en calquera das materias nas que ten asignada a docencia existen outras áreas con excedentes docentes.

Antes de contratar novo profesorado, instarase aos departamentos a asignarlles tarefas docentes aos/ás contratados/as de investigación, sempre que a convocatoria o permita.

A asignación da docencia poderá modificarse ao longo do curso académico, sempre que existan causas obxectivas que o xustifiquen e tratando de que a modificación afecte o menos posible ao encargo inicialmente fixado, para que o profesorado poda planificar de maneira óptima as súas actividades.

Todos os departamentos quedan obrigados a comunicar aos centros afectados todas as modificacións no encargo docente do POD que se produzan durante o seu desenvolvemento. Desta comunicación debe quedar constancia por escrito para o que se empregarán as contas de correo oficiais da UDC.

Unha vez rematado o curso académico, certificarase unicamente a docencia que conste gravada no POD.

2.5. Docencia durante o primeiro cuatrimestre

Os departamentos deberán cubrir obrigatoriamente co profesorado existente a docencia das materias anuais, das materias cuatrimestrais que se impartan no primeiro cuatrimestre do curso e a oferta de dirección de TFGs e TFM que se teña que realizar ao inicio de curso académico, de xeito que se garanta o comezo da docencia. Darase prioridade ás materias de formación básica e obrigatorias dos graos e en segundo lugar ás materias dos mestrados e ás optativas dos graos.

No momento en que se formalicen novas contratacións, o departamento poderá modificar a asignación realizada inicialmente.

Os grupos das materias do segundo cuatrimestre poderán excepcionalmente axustarse en función da matrícula real do curso académico 2019/2020.

2.6. Materias de plans de estudos en extinción

Deberá designarse como mínimo un/unha profesor/a encargado/a de realizar a avaliación do alumnado das materias dos plans a extinguir nas que non exista docencia. Estas materias aparecen no encargo de docencia con un grupo de teoría e cero horas asignadas.

O alumnado matriculado nunha materia sen docencia nun plan de estudos en extinción, terá dereito a ser recibido polo/a profesor/a encargado da súa avaliación durante o seu horario de titorías (ver apartado 2.3).

2.7. Desprazamento por docencia a outra localidade distinta da de destino

O profesorado desempeñará preferentemente o seu labor nunha única localidade.

Os departamentos cubrirán en primeiro lugar a docencia dos Campus de Ferrol ou A Coruña co profesorado cuxo nomeamento ou contrato sexa para centros do Campus de Ferrol ou A Coruña, respectivamente.

No caso de que teña que desenvolver o seu labor en máis dunha localidade, será necesario un informe razoado do departamento coa conformidade do/a profesor/a.

2.8. Comunicación da finalización da asignación do encargo docente

As incidencias que podan xurdir durante o proceso de elaboración do POD (solicitud de alta, problemas de gravación de datos, etc.), deberán comunicarse a través dos correos electrónicos que aparecen no anexo segundo o tipo de incidencia de que se trate.

Tras incorporar os datos ao POD os departamentos, comunicarán por correo electrónico (**sen necesidade de enviar unha copia impresa do POD**) a finalización do proceso de gravación dos datos en Xescampus.

Os departamentos deberán remitir as solicitudes de renovación do profesorado contratado e as outras solicitudes que se estimen oportunas. Empregarase prioritariamente os medios electrónicos e os documentos deberán estar asinados a través do “Portafirmas” institucional.

A vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente tras revisar o POD e confirmados os datos, remitirá unha copia para que sexa asinada polo departamento correspondente.

3. Xestión e aplicación da normativa de dedicación

3.1. Disposicións xerais

Cada departamento deberá revisar os datos do seu POD que aparecen precargados en Xescampus co fin de comprobar que a dedicación do seu profesorado se axusta ao disposto na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (aprobada polo Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014 e modificada no do 27/10/2015, no do 25/02/2016, no do 27/04/2017, no do 03/04/2018 e no do 03/04/2019).

3.2. Dedicación Académica (DA)

Xescampus xa reflicte a dedicación académica que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI.

Tomarase como referencia os sexenios recoñecidos con efectos económicos e administrativos entre 01/01/2012 e o 31/12/2018.

3.3. Encargo Docente

3.3.1. Dirección de Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Mestrado (TFM)

A aplicación xa reflicte as horas que corresponden ao profesorado pola dirección de TFG ou TFM entre o 1/01/2018 e o 31/12/2018. Estes datos foron revisados polos Centros durante a elaboración da PDA.

3.3.2. Membros das Comisión de Avaliación dos TFG e TFM

A aplicación xa reflicte as horas que corresponden ao profesorado pola participación nas Comisión de Avaliación de TFG ou TFM entre o 1/01/2018 e o 31/12/2018. Estes datos foron revisados polos Centros durante a elaboración da PDA.

3.3.3. Titorización Académica de Prácticas Externas Optativas en Empresas e outras Institucións

A aplicación xa reflicte as horas que corresponden ao profesorado que titorizou prácticas externas curriculares entre o 1/01/2018 e o 31/12/2018 conforme os datos remitidos polos Centros no momento de elaboración da PDA.

3.3.4. Dirección de Teses de Doutoramento

Xescampus xa reflicte as horas de encargo docente que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Escola Internacional de Doutoramento entre o 01/01/2017 e o 31/12/2018.

3.3.5. Docencia en Galego/Inglés

Novas solicitudes

Os departamentos deberán remitir á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, co visto e prace das direccións dos centros onde se imparta a docencia, as solicitudes de recoñecemento de horas, co fin de que se autorice a súa inclusión no POD.

No caso de tratarse de docencia en inglés, a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente remitirá a solicitude para que sexa informada pola Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, co fin de que acredite que as materias forman parte dun programa docente bilingüe, agás no caso de materias optativas.

Prórroga de solicitudes de recoñecemento por docencia en galego/inglés

Para o profesorado que tiña recoñecemento de horas por impartir docencia en galego/inglés e que poda manter dito recoñecemento, sempre que continúen impartido a docencia en dito idioma, os departamentos deberán remitir as solicitudes de prórroga co visto e prace da dirección do centro onde se imparta a docencia. No caso de que o informe do centro sexa negativo, deberá facerse mención expresa aos motivos que xustifiquen o sentido dese informe.

Para poder prorrogar o recoñecemento de horas por galego, debese impartir neste idioma como mínimo o 50% da docencia encargada.

No caso de tratarse de docencia en inglés, seguirase o procedemento que establece o segundo parágrafo do apartado de “*novas solicitudes*”.

Os departamentos deberán remitir tanto as novas solicitudes como as renovacións do cómputo de horas por docencia en galego/inglés nos modelos que se achegarán, e que deberán adiantarse por email en formato de folla de cálculo a: xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal. O Negociado de Planificación de PDI encargárase da súa gravación na aplicación Xescampus.

Empregarase prioritariamente os medios electrónicos e os documentos deberán estar asinados a través do “Portafirmas” institucional.

Titorías de galego/inglés

O Departamento de Letras terá unha asignación 100 e 200 horas no seu POD, para distribuír entre aqueles/as profesores/as que colaboren na titoría do profesorado que inicie a docencia das disciplinas en galego e inglés, respectivamente. O contido das actividades de titoría serán acordadas polos departamentos, o Servizo de Normalización Lingüística e a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

A titoría do profesorado que inicie a súa docencia en inglés axustarase ao establecido na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril do 2015).

Ao finalizar o curso académico o Departamento de Letras deberá realizar unha memoria das actividades que foron realizadas e remítela á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

3.3.6. Docencia online

En aplicación do punto 9 do Procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA) 2019/2020 (Aprobado en Consello de Goberno do 27/02/2019), os departamentos poderán solicitar a compensación equivalente ao 50% das horas lectivas dun único grupo, tendo en conta que o máximo de horas por este concepto é de 30 horas por profesor/a.

Os departamentos deberán remitir tanto as novas solicitudes como as renovacións do cómputo de horas por docencia online nos modelos que se achegarán, e que deberán adiantarse por email en formato de folia de cálculo a: xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal. O Negociado de Planificación de PDI encargárase da súa gravación na aplicación Xescampus.

Empregarase prioritariamente os medios electrónicos e os documentos deberán estar asinados a través do "Portafirmas" institucional.

3.4 Docencia clínica no Grao de Medicina

O convenio para a colaboración na docencia clínica do Grao en Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (USC), do 9/10/2015, establece na cláusula quinta que "*A docencia impartida para a USC será considerada como prestación docente ordinaria a efectos do cumprimento da xornada de traballo e carga docente na Universidade de orixe*". Para este fin, habilitárase en Xescampus o encargo docente no ámbito da docencia clínica que, dentro da Programación Anual do Grao en Medicina, aprobe a Universidade de Santiago de Compostela para ser desenvolvido de xeito descentralizado pola Universidade da Coruña.

3.5 Compensacións e Reducións Docentes

3.5.1. Por Actividades de Xestión Universitaria (AXU)

Xescampus xa reflicte a compensación por cargo que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI e na Secretaría Xeral da Universidade.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/á responsable de Análise e Xestión de Datos o reparto dunha compensación de 100 horas para distribuír entre os/as profesores/as do seu equipo, incompatibles con outras compensacións deste apartado. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/á presidente/a do Comité de Ética o reparto dunha compensación de 25 horas para distribuír entre os/as profesores/as do Comité, incompatibles con outras compensacións deste apartado. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

A compensación pola xestión realizada en períodos inmediatamente anteriores deberá solicitala o departamento para o profesorado que se pretenda acoller a ela, tendo en conta que, unha vez que se solicite, aplicárase obrigatoria e ininterrompidamente durante catro anos consecutivos, e será incompatible coa solicitude de ano sabático durante o período de 10 anos desde o cesamento.

3.5.2. Representación Sindical do PDI

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que foron facilitados polos órganos de representación do PDI.

3.5.3. Recoñecemento como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

A aplicación xa reflicte as horas de compensación por RAADC que corresponde ao profesorado conforme os datos remitidos polos centros no momento de elaboración da PDA incluídas as de *“Tutorización académica de Prácticas Externas extracurriculares en empresas e outras institucións”*.

3.5.4. Méritos docentes

3.5.4.1 Quinquenios

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a, conforme ao apartado 4 da Normativa pola que se regula a dedicación, e segundo os datos que constan no Servizo de PDI sobre quinquenios que estean concedidos ou solicitados e cumpran os requisitos para a súa concesión o 28/02/2019.

3.5.5. Actividades de Intensificación en Investigación e Transferencia (AIIT)

3.5.5.1 Participación en proxectos de investigación de carácter competitivo

Remítese aos departamentos a relación de proxectos de investigación facilitados pola Vicerreitoría de Política Científica Investigación e Transferencia para que os IPs dos proxectos fagan o reparto entre os/as participantes do proxecto. Para os efectos de certificación, recoméndase que o reparto sexa proporcional á dedicación ao proxecto de cada participante. O resultado deberá remitirse polos departamentos aos correos xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal.

No caso de detectarse algunha omisión, o IP do proxecto deberá solicitar aos departamentos afectados a inclusión da compensación de horas por este concepto, para o que deberá achegar a carta de concesión do proxecto e o reparto das horas entre o profesorado que participe nel. Estes datos deberán remitirse por correo electrónico a xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal para a súa comprobación e validación.

3.5.5.2 Presentación de proxectos ás convocatorias do programa H2020

Para a inclusión da compensación de horas en POD deberán cumprirse dous requisitos:

1º. Que o proxecto xa fora efectivamente presentado a data 31/12/2018.

2º. Que conte co informe positivo dos/as técnicos/as da OTRI. Este informe acreditará a calidade formal da proposta.

Do mencionado informe, que deberá solicitarse á OTRI, e no que xa figuran as horas a compensar, o Departamento enviará unha copia á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a través dos correos electrónicos xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal. O Negociado de Planificación do PDI encargarse da súa gravación na aplicación Xescampus.

Se o/a responsable da presentación do proxecto opta por renunciar á compensación en favor doutros/as docentes participantes na proposta, xuntará o reparto, que para os efectos de certificación recoméndase que sexa proporcional á dedicación á proposta do proxecto, ao informe da OTRI.

3.5.5.3 Participación en contratos con entidades que reverteren fondos á UDC

A vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao PDI responsable do contrato ou convenio, en función da información que foi facilitada pola OTRI, a distribución da compensación de horas entre os membros do equipo. Para os efectos de certificación, recoméndase que o reparto sexa proporcional á dedicación ao contrato de cada participante.

O/A responsable fará constar que ningún membro do equipo, entre os que se reparten horas, ten participación na/s empresa/s asinantes do convenio ou contrato.

Estes datos estarán incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.5.5.4 Coordinación de grupos de investigación

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará a os/as coordinadores/as dos grupos de investigación o reparto da compensación de horas que corresponda en función da cualificación do grupo que foi realizada pola a Agencia Estatal de Investigación e que estea en vigor o 31/12/2018. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.5.6. Méritos de investigación (MI)

3.5.6.1 Tramos de investigación de profesorado permanente a tempo completo e dedicación igual a 320 h

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI con data do 31/12/2018.

3.5.6.2 Catedráticos/as de Universidade con tres avaliacións positivas da actividade investigadora

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI con data do 31/12/2018.

3.5.6.3 Avaliación da Agencia Estatal de Investigación dos/as investigadores/as da UDC

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia con data do 31/12/2018.

3.5.7. Outras actividades (OA)

3.5.7.1 Centro de Linguas

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/á director/a do Centro de Linguas o reparto da compensación que corresponde por este apartado, incompatibles con outras compensacións por actividades de xestión universitaria do apartado 3.5.1. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.5.7.2 Director/a de Cátedra/Aula Institucional

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Secretaría Xeral da Universidade con data do 31/12/2018. Estas compensacións son incompatibles con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.5.1.

3.5.7.3 Proxectos internacionais correspondentes a accións de Erasmus +

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación con data do 31/12/2018.

3.5.7.4 Secretaría dos cursos da International Summer School da UDC

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación con data do 31/12/2018. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.5.1

3.5.7.5 Xestión de Programas de Doutoramento autorizados conforme ao RD 99/2011

No caso de que o/a coordinador/a do programa non exerza ningún cargo de xestión, de oficio aplicárase a el/ela a compensación deste apartado.

En caso contrario, a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará aos/as coordinadores/as dos Programas de Doutoramento o acordo da CAPD para a distribución das horas deste apartado. Estes datos estarán incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.5.7.6 Comité de Ética

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/á presidente/a do Comité de Ética o reparto da compensación que corresponde por este apartado. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.5.1

3.4 Proxectos fin de carreira (titulacións non adaptadas ao EEES)

A aplicación xa reflicte as horas que corresponden ao profesorado pola dirección de proxectos fin de carreira no curso académico 2017/2018, sempre que estes non figuren como materia con horas atribuíbeis no plano de estudos. Estes datos foron facilitados polos Centros durante a elaboración da PDA.

Disposición adicional. Interpretación da norma

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación deste procedemento.

5. Anexos

5.1. Información sobre soporte técnico

Conéctese co seu navegador Web á páxina:

<https://xescampus.udc.es>

Se vostede, unha vez que leu detidamente a documentación que se achega, ten algunha dúbida ou problema sobre o procedemento, pode poñerse en contacto co persoal da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

Preguntas **sobre o procedemento**:

<i>María Teresa López Martínez</i>	Xefa do Negociado de Planificación do PDI Servizo de Persoal Docente e Investigador	1072	xestionpod@udc.gal
<i>Roberto J. Nuez Sánchez</i>	Secretario Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente	1184	vppd@udc.gal

Preguntas de **carácter técnico**:

<i>Montse Fernández Casal</i>	Servizo de Informática e Comunicacións	5701	axap.sic@udc.gal
---------------------------------------	---	------	--

No caso de non dispor da clave de acceso a Xescampus debera remitir ao correo electrónico axap.sic@udc.gal o impreso que pode atopar en:

http://www.udc.es/export/sites/udc/aspau/galeria_down/documentos/Alta_Xescampus.doc